



---

**REGULAMENTO XERAL DE USO  
DAS INSTALACIÓNS, BENS E EQUIPAMENTO  
DA S.C.R.D. FILLOS DE OIS**

---

**TITULO I:**

Obxecto (Arts. 1, 2, 3)

**TITULO II:**

Administración (Arts. 4, 5)

**TITULO III:**

Cesión de locais, bens e equipamento

**Capítulo I:** Cesión de locais a asociación e entidades para sede (Arts. 6, 7, 8, 9)

**Capítulo II:** Cesión de locais para usos puntuais (Arts. 10, 11, 12, 13)

**Capítulo III:** Cesión de locais a organismos públicos (Art. 14)

**TITULO IV:**

Responsabilidade (Art 15)

**DISPOSICIÓN ADICIONAL:**

Dos locais cedidos

**DISPOSICIÓN FINAL:**

Entrada en vigor e publicidade

## **TITULO I**

### **Obxecto**

**Artigo 1.-** O presente Regulamento ten por obxecto regular o funcionamento e uso das diversas instalacións, bens e equipamento da Sociedade cultural, recreativa e deportiva "Fillos de Ois", así como os dereitos e as obrigas dos usuarios das mesmas.

**Artigo 2.-** As cesións de uso de locais, bens e equipamento da Sociedade cultural, recreativa e deportiva "Fillos de Ois" rexerase polo presente Regulamento e polas normas que no seu marco, fixe en cada momento a Xunta Directiva.

**Artigo 3.-** Este Regulamento, unha vez aprobado pola Asemblea Xeral de Socios, será de obrigado cumprimento para todos os usuarios.

## **TITULO II**

### **Administración**

**Artigo 4.-** As instalacións, bens e equipamento da Sociedade cultural, recreativa e deportiva "Fillos de Ois", serán administrados pola Xunta Directiva no uso das súas facultades.

**Artigo 5.-** A Xunta Directiva está facultada para suspender as cesións realizadas, cando non se cumpra co estipulado no presente Regulamento, cando se produza deterioro nas instalacións ou cando o uso das instalacións non se axeite ao fin para o que foi solicitado.

## **TITULO III**

### **Cesión de locais, bens e equipamento**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Cesión de locais a asociacións e entidades para sede**

###### **Artigo 6.- Cesión de locais para sede**

Os locais e demais bens propiedade da Sociedade cultural, recreativa e deportiva "Fillos de Ois", poderán ser cedidos de xeito temporal a aquelas asociacións ou entidades pertencentes á parroquia de Santa María de Ois, que non teñan sede propia.

O uso deses locais cedidos poderá ser individual ou compartido por varias asociacións, segundo considere a Xunta Directiva en cada momento e atendendo á dispoñibilidade de espazo.

#### **Artigo 7.- Solicitud**

As asociacións ou entidades interesadas en ter a súa sede no edificio social da S.C.R.D. "Fillos de Ois", solicitarano por escrito á Xunta Directiva, xustificando as necesidades da súa actividade e o espazo ou local que precisen.

#### **Artigo 8.- Concesión**

A cesión deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral de Socios.

A Xunta Directiva estará facultada para outorgar de xeito provisional o permiso de uso de locais as entidades solicitantes. Este permiso provisional deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral na primeira reunión que celebre.

A cesión de uso de locais ou espazos a asociación e entidades que vaian a constituír o súa sede social, formalizarase mediante a sinatura dun convenio de cesión, entre o representante da asociación solicitante e o Presidente da S.C.R.D. Fillos de Ois. O convenio deberá especificar o local que se vai usar e as actividades que se levarán a cabo no mesmo.

A cesión será por tempo de un ano, curso escolar ou período similar. O convenio poderá ser prorrogable por períodos iguais aos que foron concedidos inicialmente, sendo competente a Xunta Directiva para realizar a prórroga, dando conta á Asemblea Xeral na primeira sesión que se celebre.

Unha vez formalizada a cesión, a S.C.R.D. Fillos de Ois facilitará un xogo de chaves dos locais cedidos á asociación ou entidade solicitante.

A autorización de uso non afectará á titularidade do local, nin suporá a asunción de responsabilidades por parte da S.C.R.D. "Fillos de Ois".

#### **Artigo 9.- Uso preferente**

No uso de locais, sempre terá preferencia a S.C.R.D. "Fillos de Ois", debendo adaptarse as asociacións ou entidades que teñen cedido o uso do local, ás necesidades e programación da mesma.

## **CAPÍTULO II**

### **Cesión de locais para usos puntuais**

#### **Artigo 10.- Uso de espazos comúns**

Aqueles espazos comúns destinados á organización de actividades, poderán ser usados polas asociacións, persoas físicas socios ou non, persoas xurídicas e por outros colectivos de xeito puntual, de acordo coas normas que en cada caso estableza a Xunta Directiva da Sociedade, e sempre previa solicitude.

#### **Artigo 11.- Solicitude**

A solicitude farase mediante escrito dirixido á Xunta Directiva da S.C.R.D. Fillos de Ois, polo menos con unha semana de antelación á data solicitada, a través dun modelo que facilitará a propia Xunta Directiva. Na solicitude deberá constar a identificación da entidade solicitante, os datos do seu representante, a data e hora de celebración da actividade o evento, duración aproximada, breve descrición da actividade que se pretende realizar, local que se solicita, equipamento que no seu caso se precisa e número aproximado de participantes.

#### **Artigo 12.- Concesión**

A Xunta Directiva, e no seu caso o Presidente da S.C.R.D. "Fillos de Ois", valorará a solicitude e procederá, se así se acorda, a conceder o permiso solicitado á maior brevidade posible. De non producirse a comunicación expresa, entenderase denegado o permiso solicitado.

No caso de que entre a solicitude e a data de celebración da actividade non teña lugar ningunha reunión da Xunta Directiva, o Presidente poderá conceder o permiso solicitado dando conta á Xunta Directiva na primeira reunión que celebre.

#### **Artigo 13.- Canon a satisfacer e depósito previo**

A Xunta Directiva poderá fixar un canon a satisfacer por aquelas persoas ou entidades que soliciten o uso de locais ou equipamento da Sociedade, na cantidade que considere oportuna. Así mesmo, poderá esixir o depósito dunha cantidade previa ao uso do local, ben ou equipamento, co fin de garantir o perfecto uso do mesmo. O citado depósito seralle reintegrado ao depositante unha vez rematada a cesión e despois de comprobar o perfecto estado do cedido.

En caso de deterioro de instalacións, bens ou equipamento, a entidade ou persoa solicitante estará obrigado a repoñer e/ou reparar o danado para deixalo no seu estado orixinal. No caso de non facelo así, a S.C.R.D. Fillos de Ois, restará do total do depósito efectuado, a cantidade necesaria para repoñer ou restaurar o danado, ata onde alcance esta.

As labores de limpeza de locais e bens cedidos correrá por cargo da entidade ou persoa solicitante.

### **CAPÍTULO III**

#### **Cesión de locais a organismos públicos**

##### **Artigo 14.- Solicitud e concesión de cesións**

Os organismos públicos que desexen facer uso dos locais, bens e equipamento da S.C.R.D. Fillos de Ois, para a realización de actividades ou a prestación de servizos, deberán cumprir os mesmos requisitos que o resto das asociacións e demais entidades, séndolles de aplicación o establecido no presente Regulamento.

### **TITULO IV**

#### **Responsabilidade**

##### **Artigo 15.- Responsabilidade da S.C.R.D. Fillos de Ois**

A autorización ou cesión a unha asociación, entidade, organismo público, persoa ou colectivo dun local ou equipamento, xa sexa como sede social, para unha actividade puntual ou para calquera outro tipo de uso, non implica ningunha obriga por parte da S.C.R.D. Fillos de Ois de asumir calquera tipo de responsabilidade que se derivara da súa realización.

A entidade, organismo público, persoa ou colectivo solicitante será o responsable do desenvolvemento da actividade solicitada, para o cal deberá contar cos oportunos permisos e autorizacións que foran precisos. Así mesmo serán pola conta do solicitante os seguros de responsabilidade necesarios para calquera incidencia que puidera producirse.

A persoa, asociación, entidade ou organismo público a quen se lle teña concedido o uso de locais, bens e/ou equipamento, será responsable do bo uso dos mesmos. Do deterioro que se orixine nas instalacións ou no equipamento como consecuencia da actividade ou uso solicitado, son responsables as entidades ou os seus representantes, estando obrigados a repoñer ao seu estado orixinal as mesmas, ou no seu caso, ao abono dos gastos que orixine a súa reparación ou reposición.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

#### **Dos locais cedidos**

A S.C.R.D. Fillos de Ois ten cedidos os seguintes locais aos organismos e asociacións que se relacionan: a) **Aula Escolar**, situada na planta alta do edificio social á Consellería de Educación da Xunta de Galicia; b) **Consultorio médico**, situado na planta alta do edificio social aos servizos médicos do Servizo Galego de Saúde; c) **O uso do local da Biblioteca social** á Asociación de Veciños "Frai Pedro" para reunións da súa Directiva e para a instalación dun armario de documentación propia.

A S.C.R.D. Fillos de Ois non está a percibir ningún tipo de compensación económica pola cesión dos locais antes relacionados.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

#### **Entrada en vigor e publicidade**

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral de Socios.

Unha vez aprobado este Regulamento, a Xunta Directiva porao en coñecemento dos Socios e do público en xeral, a través das canles habituais de publicidade empregados pola S.C.R.D. Fillos de Ois.

Santa María de Ois, vinte e oito de xaneiro de dous mil doce